



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com

O Comité apoia a folga das contratas

O Comité da Coruña acordou mostrar o seu apoio aos compañeiros e compañeiras das contratas, en folga pola enorme precariedade que padecen. Tamén apoia as diferentes mobilizacións que están realizando.

Os traballadores e as traballadoras das contratas, subcontratas e o persoal autónomo, encaran a súa terceira semana en folga indefinida con novas mobilizacións e accións en demanda do cumprimento dos convenios colectivos, do recoñecemento do dereito á subrogación e da limitación da subcontratación, que favorece a precariedade.

Todos e todas nós debemos ser conscientes das condicións de traballo que padecen, máis próximos á escravitude que a un traballo digno, e debemos concienciarnos de que a súa loita tamén é a nosa loita. Canto peor estean estes compañeiros peor estaremos nós.

A empresa sempre bota man das condicións laborais fóra para intentar rebaixar as nosas e ao tempo pretende que a nosa produtividade se mida cos parámetros das contratas, o que fai que as nosas condicións laborais empeoren ano tras ano.

A realidade é que Telefónica subcontrata unha serie de servizos con outras empresas e estas á súa vez volven a subcontratar, nunha cadea de subcontratación que vai empeorando as condicións laborais ate límites insoportables.

A realidade é que os traballadores das contratas están a facer ate 11 horas de xornada.

Dende o noso punto de vista, Telefónica está vulnerando a lei no que atinxe ao dereito de folga cando nos asigna avarías que son da contrata. Entendemos que non pode darnos o traballo que está externalizado mediante contrato con outras empresas, e así llo fixemos constar dende a CIG nun escrito presentado a semana pasada, esixindo que deixe de boicotear a folga das contratas. Tamén solicitamos que Telefónica medie no conflito para buscar unha solución que satisfaga a todas as partes.

Dende a CIG seguiremos apoiando en todo o que poidamos aos traballadores e traballadoras das contratas, participando con eles nas mobilizacións e informando a toda a plantilla de Telefónica como está a situación.

Mañá mércores o persoal de Liteyca ten convocada unha concentración ás 17 horas diante da sede da empresa no Polígono da Grela.

Tamén abrirán un número de conta e uns bonos solidarios para poder manter a folga indefinida. A medida que vaíamos tendo máis información trasladarémola a todo o persoal.

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 28 de abril de 2015